

# Artellar unha nova Marea

## [documento de organización interna]

O documento de **Organización Interna** toma como base os principios aprobados na Marea Constituínte do 30 de xullo de 2016 en Vigo incorporando cambios necesarios apuntados no Manifesto da proposta de Coidando a Casa para facer unha organización aberta ao servizo da cidadanía galega.

### a) Quen somos?

---

En Marea é unha **cooperativa cidadá galega** que se constitúe con forma legal de partido, conformado e xestionado polas persoas que se adscriben a ela de xeito individual para conformar un proxecto de homes e mulleres libres co único interese do ben común.

Queremos construír e organizar **o proxecto galego do cambio**, lonxe dun partido clásico, procurando **un equilibrio entre a necesaria vertebración global e a forza que nos da contar cunha ampla rede de mareas municipalistas** que gobernadas de xeito autónomo asumen a representatividade de En Marea nas localidades.

Máis que un partido queremos ser unha cooperativa política: un obradoiro de ideas, un crowdfunding de valores, unha comuna de camaradas.

Unh proposta **Inclusiva, Galega, Cidadá, Ética, Transformadora, Aberta e Democrática**.

**INCLUSIVA.** A cultura da Marea é un crisol no que as diversas culturas se complementen, non compitan, nunha síntese que deixe atrás ideas erróneas que puideran parecer sólidas e seguras. Non queremos enganar a ninguén, e menos autoenganarnos. Sabemos da dificultade de aceptar as ideas do outro, pero non queremos construír unha organización onde uns en mesas previas definan, como fan as elites do sistema nos seus clubs privados, as orientacións e decisións da Marea de costas ao debate aberto entre todas. Debemos procurar os instrumentos que permitan a máxima participación, entre todas, e de todas coa sociedade. Mecanismos que aseguren un debate transparente e honesto na seguridade que nos equivocaremos máis de unha vez, pero que niso radica a forza da humanidade.

**GALEGA.** En Marea afirmase como unha forza de carácter nacional que sitúa a cidadanía galega no centro da súa intervención política e que actúa en función da análise da nosa realidade para construír un país máis xusto. Constrúese como unha forza soberana e relaciónase con outras forzas aliadas en pé de igualdade.

Na etapa de capitalismo global na que vivimos faise máis necesaria ca nunca a reafirmación da nosa soberanía nacional, entendida como a soberanía da cidadanía, dos seus dereitos como persoas que conforman unha colectividade con intereses económicos, sociais, políticos, culturais, lingüísticos específicos e compartidos. A soberanía nacional é pois capacidade de autogoberno político, pero tamén soberanía alimentaria, produtiva, enerxética, social,..

Os sectores sociais desfavorecidos so van poder construír unha alternativa hexemónica no político e no electoral desde a capacidade de influencia cultural e social dos seus ideais e das súas propostas. Esa

'transversalidade' so é posíbel construíla desde unha proposta programática ampla de cambio democrático e un proxecto nacional que transforme as demandas dos sectores populares en demandas nacionais para que deixen de ser clases sen patria.

A En Marea soberanista, debe ser algo máis que un sumatorio de saídas federalistas, confederalistas, independentistas,... baseadas no dereito a decidir. Debe ir máis aló para construír un proxecto da soberanía cívica e da nación dos que sofren. O proxecto de cambio do século XXI deberá integrar ás reivindicacións nacionais e sociais un conxunto de novos dereitos democráticos, ambientais e emocionais das persoas para asentar a súa hexemonía

CIDADÁ. Anunciamos algo novo pero non vimos da nada. Somos herdeiros de séculos de loitas populares, de centos de anos de rebeldía colectiva, das mellores tradicións sociais e nacionais emancipatorias do século XX. E con este legado queremos construír a ferramenta galega do cambio para o século XXI. Non renunciamos ao noso pasado colectivo, cheo de luces e tamén de sombras. Non cremos nun adanismo creado ad hoc para vender un produto. Non somos comerciais dunha marca que hai que introducir no electorado. Tampouco somos seareiros das nosas miserias e non ocultamos os nosos erros. Cada vez que cometamos algún seremos severos con nos mesmos e, a diferenza doutras forzas políticas, pediremos desculpas a unha cidadanía que non se merece o nivel de espectáculo no que se ten convertido a política.

ÉTICA. Proclamamos o valor do activismo e da ética. Queremos construír unha organización onde o valor do activismo e a ética sexan elementos medulares. Soamente hai unha corrupción peor que a corrupción económica: a corrupción moral. Faise necesario o rendemento de contas permanente e o cumprimento das propostas programáticas, a honestidade fronte á corrupción, a democracia xenuína, así como o diálogo e o compromiso como bases para o entendemento e o acordo. Diante de eventuais actuacións ilícitas non valen excusas de ningunha caste. Apostamos por recuperar a acción política da cidadanía no senso republicano do termo.

A ética no frontispicio da política. Para En Marea non hai ningún principio por riba da ética, por iso será taxativa e inflexíbel no cumprimento dos seus códigos éticos para que nunca máis a xente poida dicir aquilo tan real de "todos os políticos son iguais".

TRANSFORMADORA. En Marea enténdese coma un instrumento ao servizo da sociedade. A sociedade civil confórmase no social sobre a base de organizacións e movementos cívicos plurais e variados, desde o sindicalismo que posibilitou as conquistas laborais que hoxe se están a poñer en cuestión, ata as correntes nadas de novas demandas de distintos sectores (pacifismo, feminismo, ecoloxismo...) e, por suposto, dos 'novísimos' movementos de indignación, máis 'líquidos', pero que sitúan con claridade as reivindicacións da rexeneración democrática (15M, DRX, 15O ).

Ese é o cerne do cambio e o partido non vai a instrumentalizar nin por suposto crear correas de transmisión para condicionar ou manipular os debates sociais, máis ben ao contrario, vai a asumir e a aprender daquelas esixencias da sociedade civil organizada que aposten pola defensa do ben común en cada un dos seus niveis. Neste sentido, consideramos que as leis que regulan dereitos e obrigas fundamentais deben ser ratificadas pola vontade popular por medio de referendos. Calquera modificación ou proposición de lei destas características ou decisións gobernamentais que afecten ás diferentes soberanías (política, económica, alimentaria ...), deben estar sempre avaliadas pola vontade popular directa, única garantía de que é o conxunto da cidadanía, sexa cal for a tendencia ideolóxica dos seus membros individuais, a que ten sempre a última palabra.

ABERTA. Queremos ser o espazo plural e aberto onde calquera persoa de ben poida achegarse a escoitar e ser escoitado. Non queremos ser un club de intereses corporativos ou de liberados. Trátase de constituír unha organización de ampla base e plural. Desde o convencemento de que as formulacións da esquerda clásica e o nacionalismo tradicional están superadas e/ou desactualizadas, o partido debe estar aberto as persoas que

aínda hoxe manteñen e defenden esas definicións como achegas centrais para a nova esquerda, facendo notar a especial relevancia do movemento sindical en tódalas súas expresións, máxime tendo en conta a situación actual.

A policromía ideolóxica nunca pode ser un elemento de confrontación senón que debemos ter a intelixencia colectiva para situar no centro da contenda política os elementos centrais que nos sirvan para conectar primeiro e gañar despois á maioría social para o cambio.

Estamos construíndo unha organización de persoas libres e adultas do século XXI, polo tanto necesariamente unha organización aberta na que a xente poida aproximarse e colaborar tal como ela o desexe e onde, ao igual que os mellores restaurantes, a cociña esta á vista dos comensais. Debemos pois atopar practicamente unha fórmula específica para cada persoa.

Estamos construíndo unha organización nacional desde a forza municipal, por iso hai que seguir adaptando as fórmulas para tecer unha trama con mareas municipais desde a soberanía das partes que configuran o proxecto.

**DEMOCRÁTICA** Non hai nova política sen novas formas de entender a política, se unha clara aposta democrática de rexeneracionismo institucional e radicalidade política.

Os partidos téñense convertido en clubs privados alleos ás necesidades das súas bases sociolóxicas e electorais. Ese perigo é máis fácil do que parece de reproducirse en novas estruturas.

Este distanciamento, esa desafección, só se poderá corrixir introducindo elementos de corresponsabilidade, interacción e transparencia que permitan a participación aberta da cidadanía, tales como o sufraxio universal para todas as decisións estratéxicas, a limitación de mandatos, as votacións primarias abertas, a creación de órganos de control social, etc.

Entre os principios irrenunciábeis están a democracia e o respecto a todas e todos sen facer do discrepante un disidente. En Marea afondará nos mecanismos que faciliten unha maior e máis rápida participación de todas as inscritas en temas de carácter estratéxico.

## **b) Participación**

---

En Marea está conformado por aquelas persoas físicas maiores de 16 anos que manifesten o desexo de participar, asinen os seus "Principios básicos" e teñan a veciñanza civil galega, as cales terán a consideración de adscritas a En Marea. As adscritas poderán ser activistas e/ou simpatizantes. No primeiro caso deberán formar parte dun espazo territorial ou sectorial e abonar a cota que se aprobe polo Consello das Mareas .

### **- Dereitos das persoas inscritas**

A adhesión a En Marea outorgará dereitos políticos plenos para a participación, información e toma de decisións que afecten ao proxecto de confluencia.

Así, serán dereitos das persoas simpatizantes os seguintes:

1. Ser consultado e poder promover consulta mediante referendo para as decisións de maior transcendencia que deban de ser adoptadas por En Marea.
2. Recibir información con regularidade de cada decisión sexa adoptada polos órganos e grupos

institucionais, da súa composición, das súas actividades e da súa situación económica.

No caso dos activistas ademais terán estes dereitos:

1. Participar, con potestade propositiva, voz e voto, nos debates, deliberación e na adopción de acordos que sexan suscitados no interior das estruturas de En Marea, nomeadamente no Plenario da Marea.
2. Elixir e ser elixido/a para os órganos internos de En Marea, para as candidaturas electorais e para os cargos de representación pública de En Marea.

#### **- Obrigas das persoas inscritas**

A adhesión aos “Principios básicos”, o cumprimento dos valores éticos, políticos, ideolóxicos e programáticos que constitúen o substrato do proxecto de En Marea.

Por tanto, a condición de adscrito/a, e por ende, a participación En Marea, é incompatible con calquera actuación xenófoba, racista, patriarcal, LGTBfóbica, ou calquera outra expresión de desprezo aos dereitos humanos ou que implique unha discriminación en base ao recollido nos principios básicos, ou un comportamento incompatible co Código Ético de En Marea.

#### **- Formas diferentes de adherirse e inscribirse**

A adhesión poderá formalizarse tanto telemática coma de xeito presencial. Estableceranse fórmulas para a adhesión e apoio ao proxecto por parte de entidades colectivas (candidaturas municipalistas, espazos territoriais de En Marea, espazos sectoriais de En Marea, colectivos sociais, etc.).

#### **- Mecanismos se toman para facilitar a conciliación**

Para favorecer unha participación compatible co desenvolvemento persoal e familiar, facilitarase o uso de ferramentas telemáticas, e nos eventos presenciais teranse en conta os horarios e formatos máis acaídos para a conciliación. Habilitaranse espazos para crianzas e, en xeral, porase o coidado das persoas nun primeiro plano, tamén facilitando os distintos procesos.

Nos eventos presenciais tamén se observará que non existan obstáculos para as persoas con discapacidades físicas ou sensoriais.

### **c) Dereito a decidir**

---

#### **- O principio das consultas**

**Serán sometidas a consulta do conxunto do censo de adscritos aquelas decisións de carácter estratéxico** que comprometan o horizonte político e social de En Marea, como pode ser a confección das listas electorais a través de eleccións primarias, a proposta marco programática e os pactos de goberno ou de lexislatura. Promoverase que outro tipo de decisións que pola súa transcendencia e impacto político, social ou económico poidan ser sometidas tamén a consulta das e dos adscritos.

Poden participar todas as persoas inscritas poderán participar nas consultas, no tempo e forma que se estableza.

## - **Promoción e organización das consultas**

O Consello da Marea ou o propio Plenario de En Marea estarán facultados para a convocatoria de consultas na forma e contido que así determinen. Habilitarase tamén a posibilidade de realizar consultas a iniciativa das adscritas por solicitude avalada por unha porcentaxe do censo a definir non inferior ao 10%.

O Consello da Marea será a encargada de garantir o desenvolvemento e condicións loxísticas e materiais das consultas, para o que poderá servirse da colaboración de grupos de traballo. A Xunta Electoral que en cada caso se elixa, deberá seguir os principios de paridade, equilibrio territorial e pluralidade, garantirá os principios de publicidade e igualdade no proceso.

## - **Sistema de validación**

Estableceranse sistemas de validación para acreditar a nacemento ou residencia en Galicia mediante a solicitude dos documentos que se estimen pertinentes en cada convocatoria. As consultas poderán ser desenvolvidas a través dun sistema mixto, telemático e presencial (telemático asistido), e verificado a través de sistemas de validación contrastados.

No voto presencial contarase ca participación de persoas apoderadas e/ou interventoras que garantan o bo decurso do procedemento.

Elixirase en cada consulta unha Xunta Electoral que velará pola integridade do proceso de consulta e validará os seus resultados.

O resultado dos procesos de consulta e referendo ás adscritas serán considerados acordo firme a aplicar polos órganos políticos de En Marea e polas/os cargos e grupos de representación institucional. Tamén poderán,desenvolverse outros mecanismos de participación das persoas inscritas, coma procesos deliberativos.

## **d) Asemblea**

---

En Marea é unha **organización asemblearista do século XXI**, que conxugará a asemblea presencial (Plenario) e a asemblea virtual (Rede) en formato de consulta por sufraxio universal a todos os seus membros, co fin de facilitar a participación de todas, indistintamente da súa situación ocupacional, familiar ou doutro tipo.

O plenario estará composto por todas aquelas persoas adscritas a En Marea que asistan ás súas convocatorias.

O plenario terá dúas modalidades de convocatoria con peculiaridades distintas pero as mesmas competencias:

**1) Convocatorias de planificación (extraordinarias):** Constituiranse como o espazo para a planificación das liñas estratéxicas que deba de adoptar En Marea, a rendición de contas sobre a súa actividade política e institucional e o desenvolvemento e/ou reforma da súa estrutura orgánica,e de ser o caso, para referendo das mesmas. No concreto serán obxectivos e funcións das convocatorias de planificación:

- Debate e reflexión sobre os principios de actividade política xeral da candidatura e o programa de acción anual.
- Balance da actividade institucional e do estado de aplicación do programa político da candidatura.
- Apertura do proceso e proposta das persoas integrantes da comisión de coordinación.
- Elaboración e reforma, de ser preciso, da proposta de regulamento de funcionamento de En Marea.

Promover consultas ao conxunto de persoas inscritas

Deberán, polo tanto, constituírse como unha ferramenta onde referendar, afondar e ampliar a alianza política, social e cidadá que da orixe á candidatura. Un espazo que debe de integrar a todas aquelas candidaturas municipalistas, forzas políticas, colectivos sociais e sindicais, e a cidadanía que apostaron polo proxecto buscando fortalecer os vínculos da unidade e sumar novos axentes.

**2) Convocatorias de seguimento (ordinarias):** Exercerán como instrumento de seguimento periódico da actividade de En Marea, ante a cal os cargos públicos e a coordinadora darán parte do seu traballo, así como de reflexión e proposta sobre cuestións de índole táctico para o seu traslado á coordinadora e, se fose o caso, para referendo cidadá.

Serán funcións do Plenario ordinario aprobar a normativa interna de En Marea, constituír equipos e comisións de traballo, nomear e separar as persoas con responsabilidades orgánicas nos mesmos, e tomar todas aquelas decisións políticas que non teñan a consideración de estratéxicas. As súas competencias serán concretadas e desenvolvidas a través dun regulamento de funcionamento de En Marea.

#### - **Funcionamento interno da asemblea**

O funcionamento será mediante metodoloxías que promovan a maior participación das inscritas, o debate previo e informado, a construción de sínteses entre posicións diversas e á vinculación co entorno activista e cidadá que conforma a base social da candidatura, en claves de democracia horizontal. Débense configurar tamén coma espazos de traballo para o fortalecemento político de En Marea, a consolidación do espazo institucional acadado e a cohesión do proxecto político, nunca coma espazos para a colisión e competición entre os axentes integrantes de En Marea. Neste senso, serán unha prioridade os coidados ás persoas que participan do espazo.

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurarase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas de xeito que non haxa oposición á decisión. Nas decisións de carácter estratéxico se procurarán maiorías cualificadas de 2/3 das persoas participantes. So no caso de temas menores ou de imposibilidade de acordos ou urxencias adoptaranse decisións por maiorías simples.

Os acordos de carácter estratéxico deben ser sometidos a validación e/ou ratificación do conxunto das persoas adscritas por sufraxio universal das adscritas.

#### - **Réxime de sesións dos Plenarios (reunión presencial da asemblea)**

**O Plenario da Marea reuniráse anualmente con carácter ordinario.** Poderá reunirse tamén de xeito extraordinario sempre que así o soliciten un 10% do Plenario ou 1/3 do Consello da Marea. Esta solicitude de convocatoria deberá ir acompañada dunha orde do día e, de cumprírense estes requisitos, debe ser convocado para unha data non máis alá dun mes dende a presentación da solicitude ao Consello.

## **d) Organos nacionais**

---

### **1) Consello das Mareas**

#### - **Funcións do Consello das Mareas**

O Plenario da Marea ostenta con carácter ordinario a dirección política. O Consello da Marea exercerá esta

dirección política por delegación do Plenario, no periodo que vai entre plenarios.

Ten como funcións facilitar a comunicación interna e externa de En Marea e coordinar as súas accións e manter a interlocución cos grupos institucionais.

- Coordinar os Grupos de Traballo e Comisións que se creen e exercer aquelas competencias que lle sexan delegadas por mandato do Plenario.
- Orientar a actividade política dos grupos institucionais de acordo aos principios e programa da candidatura resolvendo canta controversia poda xurdir na acción política e institucional de En Marea.
- Garantir a cohesión e funcionamento integral das diferentes partes que compoñen En Marea (grupos institucionais, voceiras e grupos de traballo).
- Exercer a representación pública da confluencia, diferenciada polo tanto das voceiras dos grupos institucionais, e representativa do conxunto do espazo.
- Dirixir a política de administración e distribución dos recursos materiais, económico-financeiros e o persoal dos grupos institucionais segundo os acordos de constitución de En Marea.
- De xeito transparente, incluíndo un balance de ingresos e gastos detallado nos informes que esta comisión presente no plenario

As súas competencias serán de coordinación. Recibirá e transmitirá información entre os distintos órganos internos de En Marea e asumirá a súa voz nos espazos entre plenarios. Manterá unha interlocución fluída cos Grupos Institucionais, aos que trasladará os acordos do Plenario, o resultado das consultas realizadas ás adscritas, e as propostas das comisións e grupos de traballo, e do que recibirá as informacións pertinentes ao traballo parlamentario e, no seu caso, de goberno. Achegará contidos ao plenario, coordinando a acción dos outros grupos.

A actividade do Consello das Mareas non substituirá a obriga de dar contas dos grupos institucionais, parlamentares e de Goberno ante o órgano Plenario de En Marea. As súas competencias serán concretas e desenvolvidas a través dun regulamento de funcionamento.

#### **- Funcionamento interno e rendición de contas**

O seu funcionamento interno será colexiado e democrático, primando os principios de consenso, transparencia e cohesión na acción externa. O Plenario funcionará sobre un regulamento que desenvolva o método de funcionamento interno da coordinadora (réxime de convocatorias, quórum, procedementos de votación, etc.).

O Consello das Mareas rendera contas ante o Plenario e ante o conxunto das persoas adscritas. Emitirá un informe de xestión con carácter previo a cada convocatoria do Plenario, e unha memoria anual que será remitida as persoas adscritas para a súa validación.

#### **- Procedemento de elección do Consello das Mareas**

A elección do Consello das Mareas realizarase por decisión das persoas adscritas a través de votación por sufraxio universal. A formula concreta de votación que será desenvolvido polo Plenario, en votación de listas pechadas que na súa composición que garantan a proporcionalidade do resultado obtido, así como a pluralidade, a paridade de xénero e o equilibrio territorial.

Cando se produza unha baixa, a persoa saínte será substituída pola seguinte na lista segundo os resultados electorais que manteña os valores do proceso: pluralidade, equilibrio territorial e paridade de xénero.

A única incompatibilida para integrarse no Consello das Mareas é formar parte da Comisión de Garantías e Etica de En Marea.

A voceiría dos grupos institucionais do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais, ou no seu caso quen os represente, serán membros natos do Consello das Mareas.

O Consello das Mareas estará conformada entre 35 e 55 persoas, nun mandato de duración máxima de 2 anos.

#### - **Causas de separación do Consello das Mareas**

Serán causas de baixa do Consello das Mareas as seguintes:

- Renuncia
- Revogación: Previa solicitude dun 10% do Plenario ou por maioría cualificada dos membros do Consello das Mareas poderá someterse a consideración do conxunto do censo de adscritos a posibilidade de revogación por perda de confianza de algún das e dos seus membros.

#### - **Toma das súas decisións**

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurarase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas cando fose posible para que ninguén se opoña a unha decisión. Nas decisións de carácter estratéxico se procurarán maiorías cualificadas de 2/3 das persoas participantes. So no caso de temas menores ou de imposibilidade de acordos ou urxencias adoptaranse decisións por maiorías simples.

## **2) Coordinadora permanente**

#### - **Funcións da Coordinadora permanente**

O Consello das Mareas elixirá de entre os seus membros unha Coordinadora, composta de entre 9 e 13 persoas. Esta coordinadora terá a competencia para executar as decisións do Consello da Marea e do Plenario, así como para as cuestións operativas que non podan agardar a unha reunión do Consello. Calquera decisión que supere o ámbito da execución de acordos de outros órganos deberá ser ratificada na seguinte reunión do Consello ou, no seu caso, do Plenario.

O seu traballo consiste en axudar a manter canles de comunicación fluídos entre os Grupos de Traballo entre si e cos Grupos institucionais, e velar pola integridade do proceso de confluencia tanto dentro como fora das institucións nos períodos entre plenarios. As relacións deste órgano cos demais serán de coordinación e dirección política, mais en ningún caso terán carácter xerárquico.

A Comisión de coordinación terá autonomía para determinar o seu réxime de sesións e o seu carácter, sexa presencial ou telemático.

#### - **Composición da Coordinadora**

A Coordinadora Permanente contará entre os seus membros **cunha co-portavocía paritaria** home e muller, **un/ha coordinadora executiva** e as **responsabilidades executivas** que determinen.



A portavocía paritaria repartirase as súas funcións entre unha portavocía política e unha portavocía organica.

A Coordinador/a executiva ten como función a coordinación dos traballos da Coordinadora Permanente, así como será a representante legal do partido.

#### - **Incompatibilidades dos seus membros**

En Marea sustentase sobre **o principio de non acumulación de cargos executivos** polo que os membros do Coordinadora Permanente non terán ningunha outra responsabilidade executive de máximo nivel noutras instancias de En Marea.

A pertenza a esta comisión tamén é incompatible co desempeño de cargos de alta responsabilidade, como voceirías e secretarías xerais a nivel nacional ou provincial nas organizacións políticas e sindicais, nas condicións estipuladas no Código Ético.

Para garantir a obxectividade do seu traballo e impedir o desenvolvemento de intereses particulares **non poderán formar parte da Coordinadora Permanente máis dun 20% de deputados ou parlamentarios, nin poderá estar liberado máis do 30% dos seus membros.**

Calquera outra actividade profesional asegurárase por medio de técnicos que deberán pasar unha selección transparente e reglada.

### **3) Comisión de Garantías e Ética**

A Comisión de Garantías e ética será un órgano colexiado composto por cinco persoas **elixidas a traves de sorteo entre as persoas inscritas (activistas) que así desexen ser membros** de dito organo de transparencia e control democrático.

A súa elección coindirá coa elección do Consello das Mareas seguindo o criterio de paridade de xénero. Terán incompatibilidades absolutas e non poderán repetir mandato. O Plenario poderá revogar a algunha destas persoas por perda da confianza nela. En ningún caso actuarán de oficio, senón a instancia de parte. Será o garante e o intérprete da normativa interna e dos acordos plenarios. Os seu réxime xurídico deberá desenvolverse nunha normativa específica.

## **e) Estrutura territorial**

---

**En Marea contará cunha dobre estrutura territorial.**

Por unha banda, sen formar parte orgánica da mesma, En Marea recoñecera no ámbito de actuación municipal as Mareas ou Iniciativas municipalistas que se constituán para agrupar á cidadanía no local. En ningún caso poderá ser recoñecida máis de unha por localidade e terán unha relación con En Marea a través dun protocolo de cooperación que asegurará a coincidencia política e de principios éticos.

Por outra banda, as inscritas (activistas) terán unha estrutura territorial que se definirá por un mapa nacional que servirá para o debate político e para a coordinación de campañas e acción política de En Marea, pero en ningún caso interferindo na actuación municipalista das mareas ou iniciativas locais, cuxas relacións con En Marea dependerán do Consello das Mareas.

### **1) Iniciativas ou Mareas Municipalistas**

Defendemos o municipalismo como a acción política intencional que permite transformar en positivo a vida da xente. Un municipalismo que xurdiu como resposta a falta de democracia das institucións e dos propios partidos políticos. Que da peso á política municipal sobre outros niveis, porque permite facer realidade os ideais de participación, dando voz aos movementos veciñais e as distintas asociacións que actúan no concello. Un municipalismo que prima a representación dos movementos e asociacións de xente do común (veciñais, culturais, activistas...) sobre as estruturas dos partidos na configuración de candidaturas aos gobernos municipais.

As mareas dos concellos, como espazos autónomos e soberanos, son unha oportunidade real para mellorar a vida das persoas na procura do ben común, poñendo os concellos ao servizo dos cidadáns e baixo o seu control e participación. Traballando no ámbito máis próximo ás persoas, para ordear os espazos nos que construímos a nosa vida e as nosas relacións. Defendemos unhas mareas dos concellos que sexan bandeira dunha revolución cidadá que aposte por recuperar para a colectividade cada un dos servizos públicos privatizados, e que, en tanto bens comúns que cobren as necesidades colectivas, estean baixo control cidadá, a través de mecanismos de participación. Unhas mareas que conformen unha malla da república do mar, espalladas e asentadas en todo o país, con vocación global, conscientes de que o que afecta no plano local depende en gran medida do que sucede noutras dimensións espaciais.

O proxecto nacional de En Marea esténdese como un proxecto cooperativo en rede. Un entramado de mareas soberanas que constrúen a nación en común desde a democracia radical e a xustiza social e territorial. Unha alianza ente iguais, dos da costa e dos de interior, das grandes cidades e das vilas, onde En Marea é proxecto de acollida sen pretensións de tutela.

Cada marea, de xeito soberano, articulará os sistemas de relación con En Marea, que ofertará colaboración a nivel de recursos humanos, materiais e de colaboración financeira ás diferentes mareas. **E as mareas dos concellos conformarán a rede que axude a construír un proxecto nacional sólido e con base en todo o país.**

Desde En Marea estímularase e favorecerase a creación de redes autónomas e autoxestionadas polos propios procesos municipalistas, como estes estimen oportuno, a nivel comarcal e provincial. Coa finalidade de dar resposta ás necesidades comúns da veciñanza da bisbarra, como un espazo onde poidamos poñer en común o traballo a nivel institucional, social e de intercambio de información entre os municipios, e tamén como lugar onde artellar as solucións para aquelas necesidades que superen o eido municipal, pois existen interconexións sociais, económicas e territoriais entre os concellos.

## **2) Estrutura territorial de En Marea**

En Marea contará cunha estrutura territorial que se concretará nun mapa territorial pensado na realidade política de Galicia e na efectividade para a intervención política de En Marea (*ver anexo*).

A estrutura territorial adaptarase á realidade galega, e tratarase dunha rede de colaboración permanente entre os distintos axentes do cambio, nas diferentes escalas, podendo coexistir órganos territoriais a nivel de comarca, localidade, ría, rexión urbana, etc. En ningún caso, as Mareas Locais perderán autonomía no seu ámbito de actuación.

O nivel territorial estará formado polas persoas adheridas a En Marea a nivel territorial.

O nivel de partido xudicial e provincial activaranse excepcionalmente e serán o ámbito de decisión para estipular a forma de escolla de deputadas provinciais de ser o caso e o provincial a forma de escolla de deputadas para as eleccións galegas e estatais.

En calquera caso o espazo, poderá e deberá, articular ferramentas que acheguen a actividade institucional e o traballo no espazo ás realidades máis concretas de vida e activismo da cidadanía artellando encontros, mesas de traballo e outra serie de fórmulas para a rendición de contas e a ligazón co entorno social e veciñal.

- **Funcións da estrutura territorial**

Establecer canles fluídas de comunicación entre os distintos axentes do cambio espallados polo territorio e xerar dinámicas de cooperación a nivel local e comarcal, coordinar políticas no seu ámbito de actuación e superar aos localismos.

Recoller, debater e comunicar tódalas propostas da comarca ou área de influencia, de facer cuestións para o seu tratamento en Plenario. Será un punto de conexión, comunicación e de referencia para as distintas asociacións, asembleas,... con ideas comúns e que estean dentro do seu ámbito.

- **Que competencias terán para exercer tales funcións**

Poderán facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas permanentes nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas, etc... Así mesmo terán a mesma consideración que os grupos de traballo á hora de elaborar propostas.

Serán as encargadas de organizar e distribuír as mesas electorais nos procesos internos de En Marea.

## **f) Estrutura sectorial**

---

En Marea creará as Mareas Sectoriais que considere para na area da súa competencia suministrar propostas programáticas, colaborar coas representantes institucionais para coordinar iniciativas legislativas e para definir campañas e accións de denuncia ou mobilización social.

As Mareas sectoriais terán como función dar apoio específico á labor dos grupos institucionais na elaboración de iniciativas e vertebrar as relacións deste coa sociedade civil e o tecido social organizado. Tamén recoller, debater e comunicar tódalas propostas referentes ao sector para o seu tratamento en Plenario. Serán un punto de conexión, comunicación e de referencia para as distintas asociacións, agrupacións e persoas,... con ideas comúns e q estean dentro do seu ámbito.

- **Que competencias terá para exercer tales funcións**

As Mareas Sectoriais son grupos de reflexión e elaboración política en estreito contacto coa coordinadora e o grupo institucional. As competencias concretas serán desenvolvidas por acordo da primeira en función das necesidades concretas que teña a candidatura. Poderán facer propostas ao plenario, demandar información e rendicións de contas no seu ámbito de traballo, organizar actos, partillar coñecementos e establecer canles de cooperación de todo tipo.

Serán deliberativos e as decisións tomaranse por consenso. De non ser posíbel presentaranse as diversas propostas alternativas.

- **Funcionamento interno**

O funcionamento estará guiado polos principios de cooperación, consenso, publicidade e tenderán a autorregulación interna. Habilitaranse ferramentas para que poidan desenvolver as súas tarefas tanto de xeito presencial como por vía telemática.

#### - Rendición de contas

O Consello das Mareas será a encargada de coordinar o funcionamento normalizado das Mareas Sectoriais, e establecer mecanismos de enlace co grupo institucional. Publicitarase a súa actividade (actas, iniciativas, etc.) ante o conxunto do corpo de adscritos e os seus traballos quedarán reflectidos nos informes do Consello da Marea ao Plenario. Darán contas do seu traballo tamén ante as organizacións sectoriais cas que traballen, a fin de establecer canles de confianza mutua que favorezan unha cooperación frutífera.

### **g) Representantes institucionais**

---

#### - Procedemento de elección, limitación de mandatos e causas de revogación

A elección das candidaturas para cargos institucionais; nomeadamente parlamentarias galegas, congresistas ou senadoras, e deputadas europeas; realizarase por decisión das persoas inscritas a través de votación por sufraxio universal (primarias). A fórmula concreta de votación que será desenvolvido polo Plenario, en votación de listas abertas e desbloqueadas que na súa elección garantan a paridade de xénero e o equilibrio territorial.

A elección da candidatura a presidencia da Xunta de Galicia ou deputada europea faranse igualmente por sufraxio universal por candidaturas unipersoais.

Os cargos de carácter lexislativo (congresistas ou senadoras, deputadas autonómicas ou concelleiras) terán unha duración máxima de tres mandatos ou 12 anos.

Os cargos executivos (presidencia da Xunta, alcaldes, ... ) terán unha duración máxima de 2 mandatos ou 8 anos.

Sempre que 2/3 dos participantes dun plenario convocado ao efecto ou 2/3 do censo participante nunha consulta promovida polo Consello das Mareas así o decida, os cargos institucionais serán revogados, e no caso de non acatar a decisión será inmediatamente dado de baixa no partido e expulsado do grupo parlamentar.

#### - Rendición de contas

Os cargos institucionais darán conta ante o Plenario e ante o conxunto das persoas inscritas da súa actividade. Emitirá un informe de xestión con carácter previo a cada convocatoria do Plenario, e unha memoria anual que será remitida as persoas inscritas para a súa validación e será publicada na web de En Marea.

#### **Anexo 1.- Traslado a Estatutos**

Os cambios derivados deste documento organico serán trasladados directamente aos estatutos de En Marea e remitidos cos seus cambios ao Ministerio de Interior.

#### **Anexo 2.- Mapa Territorial**

A efectos de estrutura territorial En Marea organizase nos seguintes territorios:

- A Coruña e As Mariñas
- Ferrolterra
- Compostela
- Barbanza
- Costa da Morte
- Lugo
- A Mariña
- Ribeira Sacra
- Ourense
- Montaña
- Limia
- Pontevedra
- O Morrazo
- Salnes
- Baixo Miño
- Vigo-Val Miñor
- Pontearreas
- A Estrada-Deza